

RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as listas provisionais de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A), convocados mediante a Orde do 5 de decembro de 2022 e anunciada mediante Resolución do 12 de decembro de 2022 (DOG n.º 242, do 22 de decembro)

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado primeiro da base sexta da Orde do 5 de decembro de 2022 relativo á listaxe provisional de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no anexo I desta resolución a relación provisional de persoas aspirantes admitidas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades, que solicitaron tomar parte nos mencionados procedementos selectivos, con especificación da exención ou non da realización da proba de coñecemento de lingua galega e de lingua castelá.

Segundo. Aprobar e facer pública no anexo II desta resolución a relación provisional de persoas aspirantes excluídas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades con indicación tanto da causa ou causas específica da súa exclusión e como da exención ou non da realización da proba de coñecemento de lingua galega e de lingua castelá.

Terceiro. Contra a lista provisional, de conformidade co apartado segundo da base sexta da citada orde, o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as reclamacións que coide oportunas, no prazo máximo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da dita consellería, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

Cuarto. O feito de figurar na relación provisional de persoal admitido non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais da persoa interesada que a lexitimen para participar no procedemento selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as exixencias da convocatoria.

Quinto.- A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no citado portal, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto no apartado terceiro da base sexta da citada orde.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

